

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Bases reguladoras convocatoria contratación laboral temporal, de trece (13) Peóns e dun (1) Mestre-Encargado/a, para o Proxecto “Restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no Río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo”



Bases reguladoras da convocatoria para a contratación laboral temporal, polo procedemento de concurso-oposición, de trece (13) Peóns e dun (1) Mestre-Encargado/a, para a súa incorporación ao Proxecto “Restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no Río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo -ECO-BOSQUE-RIO SAR-”. Expediente 2024/44233G.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa, polo procedemento de concurso-oposición, de trece (13) Peóns/oas e de 1 Mestre-Encargado/a, para a súa incorporación ao desenvolvemento do Proxecto “Restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no Río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo (ECO-BOSQUE-RIO SAR)” do Concello de Santiago de Compostela a executar dentro da Convocatoria 2021 (Resolución da Dirección da Fundación Biodiversidade F.S.P. do 15 de setembro de 2022), da convocatoria de axudas para o fomento de actuacións dirixidas á restauración de ecosistemas fluviais e á redución do risco de inundación en contornas urbanas, 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia (PRTR), nos termos establecidos tanto nas Bases Reguladoras recollidas na Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, como no texto da Convocatoria, cuxo extracto se publicou no BOE número 304, de data 21 de decembro de 2021.

A duración da contratación, 10 meses, será a necesaria para levar a cabo as tarefas encomendadas no marco do Proxecto “Restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no Río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo”, como persoal de obra na execución de actuacións de conservación ou xestión da natureza, a biodiversidade e os recursos naturais, sendo a data prevista de inicio o 1 de novembro de 2024. O importe total previsto para a execución desta contratación é de 277.923,82 €.

A modalidade contractual será a de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, nos termos que se derivan da Disposición Adicional 5ª da Real Decreto Lei 33/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. A súa duración será, de 10 meses, a necesaria para a execución do Proxecto “Restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no Río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo” no Concello de Santiago de Compostela, asociado á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Next Generation EU).

As retribucións brutas mensuais incluída prorrata de pagas extras: Peóns/oas (1.335,40 €), e de Mestre-Encargado/a (2.251,47 €).

Os obxectivos xerais do proxecto son o recuperación ambiental do ecosistema fluvial do Bosque do Banquete de Conxo, nas inmediacións do río Sar, en Santiago de Compostela. ECO-BOSQUE-RIO SAR. Proponse devolver a funcionalidade natural ao hábitat e crear un espazo saudable de concienciación e divulgación ambiental; potenciar os servizos ambientais que achegan as zonas verdes e mellorar a calidade de vida dos veciños; reconectar á poboación urbana coa natureza e ampliar o apoio social á conservación da biodiversidade e incrementar a resiliencia urbana.

As tarefas para realizar polo persoal a contratar, en tanto que operarios do Proxecto, son, entre outras e con carácter non exhaustivo, as seguintes:

- Colaborar, baixo a supervisión da persoa encargada, na restauración ambiental de terreos e hábitats fragmentados ou en mal estado, no seu mantemento, así como na vixilancia e control do espazo natural.
- Realizar operacións de reparación das marxes e retirada de depósitos acumulados no leito do río; a execución dunha defensa de marxe mediante a realización de diques revexetadas mediante técnicas de bioenxeñería.
- Axudar na preparación do terreo para reforestación: Eliminar e cortar vexetación, marcar, rozar etc.
- Recuperar os espazos degradados e mellorar a calidade visual do percorrido de sendas, con tarefas de limpeza e acondicionamento.
- Apoiar no sementado e plantación ou reforestación. Colaborar nas tarefas básicas de sementado e plantado.
- Erradicación das plantas invasoras presentes nese tramo do río.
- Labores de conservación e mantemento de leitos
- Abrir e manter camiños e sendas: Rozar, aclarar, nivelar etc.
- Podar e eliminar residuos. Cortar, tallar árbores.
- Limpar e ordenar a maquinaria, apeiros, equipos e ferramentas.
- Conservación, mantemento e limpeza de redes de auga.
- Apoiar na construción de muros de mampostería.

As presentes bases serán publicadas no BOP da Coruña así como no Taboleiro de anuncios da Axencia Local de Colocación, e na páxina web da mesma.

Os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo serán obxecto de publicación a través do taboleiro de anuncios da Axencia Local de Colocación, ena páxina web da mesma.

De conformidade co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fíxase como medio de comunicación aos interesados dos actos, acordos e resolucións integrantes deste procedemento selectivo, a exposición no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación.

SEGUNDA.- Requisitos/as xerais e específicos dos/as aspirantes.

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos xerais e específicos que se sinalan a continuación na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

A. Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española ou a doutros estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de españois/las ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras, non comunitarias, con permiso de traballo en vigor e en regra, temporal ou permanente, que autorice a traballar, á data incluída no período de convocatoria, e mantendo esta situación até o momento da contratación.

- Ter cumpridos 16 anos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderá ser contratado/a quen supere a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral, tal e como se recolle no punto 3 do artigo 67 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro TREBEP.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo solicitado. Será obrigatorio que as persoas candidatas comuniquen expresamente as limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado

de Mestre de Taller-encargado/a ou de peón/peoa, estando en condicións de incorporarse a este na data de inicio do contrato.

- Estar desempleado/a inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Santiago de Compostela.
- Estar empadroadado/a no Concello de Santiago de Compostela.

O persoal encargado de elaborar a listaxe de admitidos/as poderá requirir toda a documentación aclaratoria que estime oportuna en calquera momento do procedemento.

B. Requisitos específicos:

- Mestre-Encargado/a. É a persoa que desenvolve a función de adestramento e control do equipo de traballo ao seu cargo co fin de facilitar a execución das obras e promover a mellora das competencias profesionais dos membros da brigada, organizando as tarefas e/ou obras de forma axeitada, coa máxima atención á prevención de riscos laborais.

Debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter como mínimo 5 anos de experiencia como encargado de obras e mestre de taller ou docente de F.O.
- Ter o permiso de conducir B, para válido para o Estado español, co compromiso de renovación se este caducase durante a vixencia do seu contrato.
- Ter un curso básico de prevención de riscos laborais.
- Peóns/peoas. Son as persoas, que coa capacidade e os coñecementos precisos, executan directamente os traballos ou obras que se lle asignen baixo a supervisión do Mestre Taller-encargado/a e do persoal técnico correspondente.

Deben cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter como mínimo 12 meses de experiencia profesional no posto ou formación regrada ou ocupacional relacionada co posto cunha duración mínima de 400 horas.

Unha das prazas de peón/peoa resérvase para persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%. Se esta praza reservada para unha persoa con discapacidade quedara deserta acumularase ás de acceso xeral.

Todos os requisitos anteriores deberán reunilos os aspirantes na data en que finalice o prazo para a presentación de instancias solicitando tomar parte na Convocatoria.

TERCEIRA.- Prazos e Admisión de aspirantes.

As persoas candidatas a participar no proceso selectivo deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude), xunto coa documentación que probe os méritos alegados, debidamente acreditada e especificando o posto para o que se presenta a candidatura

A presentación realizarase, en horario de 8:00 a 14:00 horas, nas dependencias do Departamento de Emprego do Concello de Santiago, sitas na R/ Alcalde Raimundo López Pol, s/n. (Edificio CERSIA), no prazo de 3 días naturais dende a publicación das bases no BOP, no taboleiro de anuncios e na web da Axencia Local de Colocación.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- Copia do DNI ou NIE
- Copia da tarxeta de demandante de emprego
- Documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos específicos do posto ao que se aspira, que se recollen na base SEGUNDA.
- Copia de toda aquela documentación que lle poida ser puntuada no proceso
- No seu caso, copia do cartón ou certificado do grao de discapacidade expedido pola consellaría competente na materia.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda. En calquera momento do proceso se lles poderá requirir a presentación de documentación para o seu cotexo.

CUARTA.-Sistema de selección

A data de realización das probas anunciarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación. O chamamento para a realización dos exercicios farase mediante a publicación no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Axencia Local de Colocación cunha antelación mínima de vinte e catro (24) horas.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaimento do seu dereito para participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluído do procedemento selectivo.

A selección efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición.

- FASE DE CONCURSO: Será posterior á fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes que superasen a fase de oposición.

Posto: Mestre -encargado/a

A baremación atenderá a dous criterios:

- 1) Experiencia profesional previa (puntuación máxima de 15 puntos), contados a partir dos 3 anos de experiencia mínima requirida:
 - 1.1 Experiencia docente cursos Formación Ocupacional, Obradoiros de Emprego ou equivalente (puntuación máxima de 5 puntos).
 - . Servizos realizados na mesma categoría, nivel ou posto, nunha Administración Pública ou nunha empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción igual ou superior a 15 días.(Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar: vida laboral e certificación da Administración Pública correspondente, onde conste o tempo traballado ou copias de contratos).
 - 1.2 Experiencia en postos de Mestre de Taller encargado de obras (puntuación máxima de 10 puntos).
 - . Servizos realizados na mesma categoría, nivel ou posto, nunha Administración Pública ou nunha empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción igual ou superior a 15 días.(Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, certificación da Administración Pública onde conste o tempo traballado, así como o contrato de traballo subscrito).
- 2) Formación na materia (puntuación máxima de 5 puntos):
 - Cursos recibidos ou impartidos con contidos relacionados co perfil e as actividades a desenvolver na praza convocada. Para ser puntuados os cursos terán que ser da Administración ou homologados e estar debidamente acreditados. Valoraranse conforme o seguinte baremo:
 - o De 15 a 30 horas de duración: 0,10 puntos
 - o De 31 a 80 horas de duración: 0,20 puntos
 - o De 81 a 150 horas de duración: 0,40 puntos
 - o Máis de 151 horas de duración: 0,60 puntos.

Posto: peón/peoa

A baremación atenderá a dous criterios:

- 1) Experiencia profesional previa (puntuación máxima de 15 puntos):
 - Servizos realizados na mesma categoría, nivel ou posto similar, nunha Administración Pública ou nunha empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo ou fracción igual ou superior a 15 días.Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, certificación da Administración Pública correspondente, o e copias dos contratos de traballo subscrito onde conste o tempo traballado no oficio.
- 2) Formación na materia (puntuación máxima de 5 puntos):
 - Cursos recibidos con contidos relacionados co perfil e as actividades a desenvolver na praza convocada. Para ser puntuados os cursos terán que ser da Administración ou homologados e estar debidamente acreditados. Valoraranse conforme o seguinte baremo:
 - o De 15 a 30 horas de duración: 0,10 puntos
 - o De 31 a 80 horas de duración: 0,20 puntos

- o De 81 a 150 horas de duración: 0,40 puntos
 - o Máis de 151 horas de duración: 0,60 puntos
- FASE DE OPOSICIÓN: Esta fase consta de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirán: nun exame tipo test e nunha proba práctica relacionada coas tarefas ou funcións do posto de traballo ofertado.
Primeiro exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba práctica, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen a súa destreza na realización das tarefas propias do posto de traballo.
Segundo exercicio: as persoas aspirantes realizarán unha proba tipo test, sobre os contidos referidos ao programa que aparece no Anexo I, e que servirá para valorar o seu coñecemento relacionado co traballo e coas tarefas a desempeñar.
Cada proba terá unha puntuación máxima de 10 puntos. É será necesario superar ambos exercicios para poder optar ao posto de traballo, sendo a puntuación mínima de 5 puntos en cada unha das probas.
A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.
Os casos de empate que se produzan dirimiranse da seguinte maneira: atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida no apartado “Proba práctica”.
Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto no Resolución do 22 de abril de 2022, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, publicada no BOE número 114, de 13 de maio do ano 2022.

QUINTA.-Tribunal Calificador

O tribunal calificador estará formado por 5 persoas, empregadas públicas do Concello de Santiago e nomeadas polo Concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, coa seguinte composición:

Presidente/a.

Secretario/a.

Tres vogais.

O Tribunal no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo con sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTA. Cualificacións e proposta do Tribunal.

1. Finalizado o concurso-oposición, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada un deles/as.
2. As persoas seleccionadas deberán acreditar, antes da sinatura do contrato, a súa situación como desempregado, mediante certificación do Servizo Público de Emprego.
3. Aquelas persoas seleccionadas que non se presenten o día no que sexan convocados para a sinatura do contrato, agás nos casos de forza maior, non poderán ser contratadas. Neste caso, formularase proposta adicional a favor da persoa candidata que lle siga na orde de puntuación.
4. Cos/as aspirantes que superasen o proceso pero non resultasen seleccionados/as, se os houbera, determinados/as por orde descendente de puntuación, serán propostos/as polo Tribunal, elevando proposta para formar unha lista de reserva para cubrir posibles renuncias, baixas, vacantes temporais ou circunstancias sobrevidas do persoal durante o desenvolvemento do plan

SÉTIMA. Incompatibilidades.

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no seu Regulamento de desenvolvemento.

OITAVA. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

NOVENA. Incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMA. Réxime xurídico.

O proceso selectivo regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

En Santiago de Compostela a 25 de novembro de 2024

Asdo. Manuel César Vila

Concelleiro delegado de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local

ANEXO I**PROGRAMA DE ACCESO AOS POSTOS DE MESTRE -ENCARGADO E PEÓNS/OAS DE OBRAS E SERVIZOS.****TEMARIO XERAL**

Tema 1. O Concello de Santiago de Compostela. Poboación e territorio: parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2. O Concello de Santiago de Compostela. Organización

TEMARIO ESPECÍFICO**POSTO MESTRE-ENCARGADO:**

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de Mestre-encargado

Tema 2. Prevención de riscos laborais

Tema 3. Funcións e obxectivos da silvicultura

Tema 3. Diferentes elementos da construción.

POSTO PEÓN DE OBRAS E SILVICULTURA:

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de peón de obras e silvicultura

Tema 2. Prevención de riscos laborais no posto de peón de obras e servizos

Tema 3. Diferentes materiais e ferramentas da xardinería e silvicultura

Tema 4. Diferentes materiais e ferramentas da construción

Tema 5. Tipos de bosques.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE TRECE (13) PEÓNS E DUN (1) MESTRE-ENCARGADO/A, PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO PROXECTO “RESTAURACIÓN DO ENTORNO FLUVIAL E CREACIÓN DUN BOSQUE DE SAÚDE NO RÍO SAR, AO SEU PASO POLO BANQUETE DE CONXO -ECO-BOSQUE-RIO SAR”

POSTO	
Nome do posto ao que quere optar	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
Apelidos	
Nome	
DNI/NIE	
Teléfono	
Correo electrónico	
Enderezo	
Código Postal	
Concello e provincia	

Discapacidade (igual ou superior ao 33%)	SI		NON	
--	----	--	-----	--

MANIFESTO:

Que cumpro os requisitos xerais e específicos especificados na base 2 desta convocatoria.

SOLICITO:

Ser admitido/a para participar no proceso selectivo da “para a contratación laboral temporal, polo procedemento de concurso-oposición, de trece (13) peóns e dun (1) mestre-encargado/a, para a súa incorporación ao proxecto “restauración do entorno fluvial e creación dun bosque de saúde no río sar, ao seu paso polo banqueo de conxo -eco-bosque-río sar”

Santiago de Compostela, de de 2024
Asdo.:

EXCMA. ALCALDESA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En virtude do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos é polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos persoais que proporcione serán tratados polo Concello de Santiago de Compostela, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Para exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións automatizadas, nos termos establecidos na normativa de referencia, deberá comunicarllo por escrito a este Concello.

Documentación que ten que achegar xunto con esta solicitude:

- A) Copia do DNI ou NIE
- B) Copia da tarxeta de demandante de emprego
- C) Copia dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos específicos do posto ao que se aspira, que se recollen na base SEGUNDA.
- D) Copia de toda aquela documentación que lle poida ser puntuada no proceso por pertenza a colectivos, por experiencia ou formación relacionada co posto ao que aspira.
- E) No seu caso, copia do cartón ou certificado do grao de discapacidade expedido pola consellaría competente na materia.

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

D./na. con
DNI nº teléfono, correo
electrónico e domicilio a efectos de
notificación en
.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo ao que pretendo optar mediante esta solicitude.

Que non presento causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

Que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin me atopo inhabilitado/a para o exercicio e desempeño das funcións públicas.

Santiago de Compostela a, de de 2024

Asinado

2024/8536